

George Greenia galardoado co XXIII Premio Internacional Grupo Compostela–Xunta de Galicia

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2019 – O xurado do XXIII Premio Internacional Grupo Compostela–Xunta de Galicia, reunido en Santiago de Compostela, decidiu outorgar o galardón ó académico e investigador George Greenia pola súa “fecunda traxectoria universitaria, vinculación con Galicia e contribución á difusión internacional do fenómeno xacobeo”.

Ó comunicarlle a decisión, o premiado declarou que aceptaba este “xeneroso recoñecemento dos esforzos individuais e institucionais” realizados a través do Instituto de Estudos das Peregrinacións da institución de educación superior William & Mary. Unha institución con sede na cidade estadounidense de Williamsburg e centrada na “investigación científica das viaxes de transformación persoal en todo territorio, tempo e tradición”.

A cerimonia de entrega do galardón terá lugar o 4 de xuño no marco da XXV Asemblea Xeral do Grupo Compostela de Universidades, que este ano acollerá a Universidade de Guadalaxara (México). Nesta cerimonia entregaráselle unha cuncha de ouro, emblema do Grupo Compostela de Universidades, e un premio en metálico de 6.000 euros brutos.

Perfil do galardoado

George Greenia é fundador do Instituto de Estudos das Peregrinacións e presidente de Alpha Delta Gamma Sociedade Nacional Honoraria de Estudos Medievais e do Renacemento, ambas establecidas na institución de educación superior William & Mary.

Autor de diversos libros de texto de aprendizaxe do español e numerosos artigos sobre o Medievalismo hispánico. Na actualidade é editor no boletín e revista medieval *La Crónica sobre lengua y literatura españolas de la División de Español Medieval de la Asociación de Lenguas Modernas* e forma parte do Consello asesor de *Cadernos de Estudos Galegos* do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento do CSIC, así como do Comité científico da revista de estudos xacobeos e da peregrinación *Ad Limina* da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

Entre as máis de vinte distincións e premios que ostenta, cabe destacar a Encomenda da Orde de Isabel la Católica que outorga S.M El Rey de España e o premio Ángel del Camino concedido pola confraternidade Enxebre Orde da Vieira de expatriados galegos que apoian ao Camiño de Santiago.

George Greenia é profesor emérito de Linguas Modernas, doutor en Linguas Romances pola Universidade de Michigan (1984) e director emérito do Programa de Estudos Medievais e Renacentistas de William & Mary.

Composición do xurado 2019

A reunión do xurado do XXIII Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia, estivo presidida pola conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, Carmen Pomar Tojo. Deste xurado forman parte tamén as seguintes autoridades:

- O secretario xeral de Universidades da Xunta de Galicia, José Alberto Díez de Castro.
- O secretario xeral técnico de Educación de la Xunta de Galicia, Jesús Oitavén Barcala.
- O presidente do Grupo Compostela de Universidades, Marek Kręglewski.
- O reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz.
- O reitor da Universidade de Sevilla, Miguel Ángel Castro Arroyo.
- O vicerreitor de Educación Superior da Universidade de Monterrey, Carlos Basurto.

A secretaria executiva do Grupo Compostela de Universidades, María Teresa Carballeira Rivera, actuou como secretaria do xurado.

Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia

O Premio Internacional Grupo Compostela-Xunta de Galicia, desde a súa creación en 1997, galardou a persoas e institucións senlleiras procedentes de diferentes eidos. En edicións anteriores o premio recoñeceu o labor de persoeiros como Jacques Santer (1997), Vaclav Havel (1998), Mohamed AlBaradei (2010), o Colexio de Europa (2012) e Marcelino Oreja Aguirre (2017).

O Grupo Compostela de Universidades

O Grupo Compostela de Universidades (GCU) é unha asociación internacional sen ánimo de lucro, que traballa en favor da colaboración e promove o diálogo en todos os ámbitos da educación superior. O GCU comezou a súa andaina no ano 1994 e desde a súa creación foi crecendo ata unir ao seu camiño a máis de 60 universidades de todo o mundo. Todos os peregrinos do Grupo Compostela de Universidades comparten os valores de cooperación e integración desenvolvidos en torno ao Camiño a Santiago.

Grupo Compostela de Universidades

Casa da Cuncha. Rúa da Conga, 1

15782 Santiago de Compostela (España)

Tel: 881 812 931 / Email: grupo.compostela@usc.es